



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 25 DE FEBREIRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas do día vinte e cinco de febreiro do ano dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. **Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 31 de xaneiro e 7 de febreiro de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- ACORDOS

Vistas as bases reguladoras do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercicio 2014, publicadas no BOP nº 20 de 30 de xaneiro de 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Determinar as seguintes actividades e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTIVIDADES SOCIAIS	Intervención integral cos/cas fillos/as en situación de risco social
ACTIVIDADES CULTURAIS	Feira do libro 2014
	Exposición de arte: Jorge Barbi
	XXIV Festa da Lagosta
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	II Campus Multideporte 2014

2.- Declarar que o Concello da Guarda non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas .

3.- Aceptar as bases desta convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Lese o escrito RE 954 de data 24 de febreiro de 2014, presentado por CLUB DE REMO ROBALEIRA, para informar que día 1 de marzo vai celebrarse no porto de A Guarda a regata XVI Bandeira Concello de A Guarda memorial Antonio Torrón, para o que solicitan a colaboración da Policía Local co fin de ordenar o tráfico na zona. Asimesmo, solicitan que se lles facilite un palco cun toldo para situar os árbitros da competición.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á Policía Local e o responsable do departamento de servizos para que instale o palco.

Dáse conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 18 de febreiro de 2014
P.B.C.	21 h/mensuais

Lese o escrito RE 4.234 de data 1 de agosto de 2013, presentado por D^a. I.R.M., con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, Bloque 4-4^o Dta, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Agustín Nandín Lomba, Bloque 4-4^oDta.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4^o trimestre do ano 2013 recordándolle ó



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2014 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 27 de data 3 de xaneiro de 2014 presentado por D^a. A.M.R., con enderezo na rúa de Circunvalación, nº 5 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Circunvalación, nº 5.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 4.426 de data 9 de agosto de 2013 presentado por D^a. M.A.M.G., con enderezo na rúa de Manuel Álvarez, nº 16, Bloque 1, Portal 2-4ºD da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Manuel Álvarez, nº 16, Bloque 1-Portal 2-4ºD.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 6.568 de data 3 de decembro de 2014 presentado por D^a. M.G.M.B., con enderezo na rúa de Manuel Álvarez, nº 16, Portal 2-3ºD da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga e lixo para o obxecto tributario sito na rúa Manuel Álvarez, nº 16, Portal 2-3ºD.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 487 de data 31 de xaneiro de 2014 presentado por D^a. E.A.D., con enderezo na rúa de Granxa, nº 99 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo para o obxecto tributario sito na rúa Granxa, nº 99.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito do asesor xurídico do Concello de data 12 de febreiro de 2014 comunicando o decreto ditado pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG o 21 de xaneiro de 2014 no recurso de apelación nº 4273/12 interposto polo Concello da Guarda e a Entidade Unifamiliares de Bouzas, S.L., contra a sentenza ditada o 13 de febreiro de 2012 polo Xultado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 364/10 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a desestimación presunta das solicitudes con entrada o 9 de xuño e 8 de outubro de 2007 formuladas piolo recorrente interesando a suspensión dos efectos de dúas licenzas de obras concedidas o 27 de decembro de 2006 a Unifamiliares de Bouzas, S.L. e o 28 de setembro de 2007 a Promomiño 2006, S.L. e a súa remisión ao orde contencioso-administrativo para a súa anulación, así como de revisión de oficio. Dito decreto aproba a tasación de costas a pagar polo Concello da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do Decreto de 21 de xaneiro de 2014 que se comunica e acorda ordenar ó pago a favor de D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro do importe de 2.285,51 € dando traslado de dito decreto e deste acordo aos departamentos de Intervención e Tesoureiría para a súa contabilización e pago, o cal deberá facerse na conta sinalada no mesmo.

Dase conta do escrito RE 666 de data 7 de febreiro de 2014, remitido por CONCELLO DO ROSAL, solicitando a colaboración do Grupo de Emerxencias Supramunicipal para a celebración do Desfile de Entroido o vindeiro día 2 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 840 de data 18 de febreiro de 2014, presentado por DNA. JUDITH PEREZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa 1ª Transv. Currás, nº 11 da Guarda, solicitando a limpeza do camiño de acceso a súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se fará en canto sexa posible, como xa se fixo en anteriores ocasións.

Lese o escrito RE 5.511 de data 10 de outubro de 2013, presentado por D. ALVARO BOTANA PEREZ, actuando en representación de Testigos Cristianos de Jehová, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Pacífico Rodríguez, nº 5-Entresolo Esquerda da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do 2º trimestre de 2013 do obxecto tributario Pacífico Rodríguez, nº 5-Entresolo Esquerda debido a que o importe é excesivo e motivado por unha fuga imposible de detectar.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 2º de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 937 de data 21 de febreiro de 2014, presentado por DNA. PURIFICACIÓN ALVAREZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Brasil, nº 58 da Guarda, actuando en nome da Asociación Contra o Cancro do Baixo Miño, e solicitando autorización para levar a cabo unha cuestación o día 6 de xullo de 2013, necesitando para elo o préstamo dunha mesa e dúas cadeiras.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.011 de data 25 de febreiro de 2014, presentado por CONCELLO DE TOMIÑO, solicitando a colaboración da Policía Local da Guarda para a celebración do Venres de Foliada o día 28 de febreiro de 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

A Xunta de Goberno Local, en cumprimento do disposto na Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos ACORDA aprobar os seguintes modelos de impresos da declaración responsable e comunicación previa en vigor no Concello da Guarda, que se xuntan como anexos a esta acta:

- Comunicación previa obras maiores
- Comunicación previa inicio obra nova autorizada
- Licenza de obra nova
- Comunicación previa cambio de titularidade licenza de obras
- Solicitude licenza de parcelamento
- Comunicación previa obras de adaptación de locais para actividades
- Comunicación previa inicio de actividade
- Comunicación previa cambio de titularidade da actividade
- Comunicación previa obras menores
- Certificación técnica

Sendo as catorce horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.